



Plan de acción para as persoas con discapacidade

Lectura fácil



Índice

Presentación	3
A necesidade dun plan de acción	5
A discapacidade tamén depende de factores ambientais	7
Unha cuestión de dereitos humanos	9
Como se fixo o Plan de acción?	11
Principios do Plan de acción	13
Dez áreas de intervención	15
1 Área para protexer os dereitos.....	16
2 Área de igualdade entre mulleres e homes.....	19
3 Área de accesibilidade.....	22
4 Área de promoción da autonomía persoal	25
5 Área de educación.....	28
6 Área de formación e de emprego.....	31
7 Área de servizos sociais	35
8 Área de saúde e de atención sociosanitaria	37
9 Área de atención temperá.....	40
10 Área de cultura, de deporte e de tempo de lecer	42



Presentación

Para a Xunta de Galicia as persoas son o centro da súa actividade. O emprego e o benestar son as bases da sociedade actual.

A Consellería de Traballo e Benestar traballa cada día para **mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade**. Por iso impulsou un Plan de acción para as persoas con discapacidade que se desenvolverá ata 2013.

Entre outras cousas, este Plan pretende que as mulleres e os homes con discapacidade se comuniquen e accedan máis facilmente á información.

Así resúltalles tamén máis fácil relacionarse con outras persoas e coñecer a información que lles interesa.

Coa finalidade de conseguir isto, traballamos para resumir o Plan de acción e facer que o seu contido poda entendelo o maior número posible de persoas.

Isto é o que coñecemos como **lectura fácil**.

Consiste en adaptar o texto escrito para que as persoas con dificultades para ler ou para comprender poidan entendelo mellor.

O resultado deste traballo é o documento que aquí presentamos para ti: **Plan de acción para as persoas con discapacidade de lectura fácil**.



Contén a información máis importante expresada dunha forma máis directa e sinxela.

Queremos que este documento de lectura fácil sirva para que un número maior de persoas con discapacidade coñezan o plan galego de discapacidade.

Un plan que a Xunta de Galicia pon ao teu servizo para promover a participación social de todas as persoas e camiñar cara a unha sociedade integradora e inclusiva.

Confiamos nas capacidades e nas oportunidades de todas as persoas, sen excluír a ninguén.

Traballamos para conseguir que todo sexa accesible, máis fácil de usar e de entender.

A meta que perseguimos é que todas as persoas participemos en todo e isto inclúe tamén a comunicación e a información.

Con este documento de lectura fácil queremos chegar a todas as galegas e galegos, de forma especial ás mulleres e aos homes que teñen algunha discapacidade e ás súas familias.

Coas actuacións que se inclúen no Plan conseguiremos mellorar a súa calidade de vida.

Por iso **é moi importante que o coñezas.**



1

A necesidade dun plan de acción

Ao Goberno da Xunta de Galicia preocúpanlle as condicións de vida dos galegos e das galegas e traballa sobre todo para as persoas que máis o necesitan.

As persoas con discapacidade teñen características moi diferentes, pero todas teñen algo en común: necesitan axudas e apoios para participar en todos os ámbitos da vida en igualdade de condicións que o resto da poboación.


Levamos moitos anos traballando para apoiar a este colectivo e é necesario que todas as consellerías da Xunta e as asociacións traballen xuntos para aproveitar mellor os recursos.


Todos os departamentos da Xunta de Galicia deben traballar día a día tendo en conta que unha parte importante da poboación galega ten unha discapacidade.

As accións que se poñen en marcha deben chegar a toda a poboación e isto inclúe as persoas que teñen máis dificultades.



Por todo iso era necesario un plan de acción.

- 📄 Para promover a autonomía das persoas con discapacidade e unha vida independente.
- 📄 Para conseguir que os lugares e cousas sexan accesibles .

 Un **lugar** é **accesible** cando se pode chegar a el e entrar nel facilmente. Unha **cousa** é **accesible** cando se comprende ou se pode utilizar con facilidade.

- 📄 Para conseguir a igualdade entre mulleres e homes.
- 📄 Para mellorar os servizos de apoio dirixidos ás mulleres e homes con discapacidade.



2

A discapacidade tamén depende de factores ambientais


Para a Organización Mundial da Saúde a discapacidade comprende as deficiencias, as limitacións na actividade de cada día e as limitacións na participación.

Tamén ampliou o concepto de saúde ao incorporar os factores ambientais.


Atender as necesidades relacionadas coa discapacidade pasa por **cambios no contorno no que vivimos**, ademais de **solucións a nivel da propia persoa**.





O contorno pode contribuír a facer máis fácil a vida dunha persoa con discapacidade.

Co noso apoio podedes ser **parte activa da sociedade**. Todos e todas podemos axudar nesta tarefa. Por exemplo,

- 📄 Eliminando as barreiras  que fan difícil a túa vida.
- 📄 Apoiándote para que podas desenvolver as túas capacidades.



 Unha **barreira** é algo que impide a unha persoa realizar unha tarefa ou conseguir algo. Por exemplo:

-  Unha escaleira é unha barreira para as persoas que non poden andar.
-  Os semáforos sen sons que avisan para cruzar a rúa son unha barreira para as persoas que non poden ver.
-  Un programa de noticias na televisión sen que se transmita na lingua de signos é unha barreira para as persoas que non poden oír.
-  As leis que están escritas nunha linguaxe complexa son barreiras para as persoas que teñen dificultades para ler e para comprender.



3

Unha cuestión de dereitos humanos

O máis importante son os **dereitos das persoas**. O noso traballo para facer o Plan centrouse neses dereitos.

Estudamos os problemas das persoas con discapacidade e estudamos as súas necesidades.

Esta forma de traballar débese a un acordo que asinaron países de todo o mundo no mes de decembro de 2006 para protexer os dereitos das persoas con discapacidade.

Este acordo chámase Convención e quere que as persoas con discapacidade gocen de todos os dereitos humanos e liberdades fundamentais e que sexan respectadas como calquera outra persoa.

Céntrase no diverso e no diferente en vez de centrarse nas limitacións.

O que importa é o respecto pola diferenza e aceptar as persoas con discapacidade como parte da diversidade e da condición humanas.



Resumindo:

- 📄 Pasamos de poñer a atención nas deficiencias e nas limitacións a poñela nos **dereitos** das persoas con discapacidade.
- 📄 Pasamos de centrar a atención só nestas persoas a centrala tamén nas **barreiras** do medio no que viven.

Relacionado con isto existe unha palabra que vai collendo forza e medrando cada vez que a pronunciamos: **inclusión, inclusión, "INCLUSIÓN"**.

A súa definición é algo así como estar dentro de..., formar parte de.... Pero é mellor dicir algo máis como compartir bos momentos coas demais persoas, ser e sentirse querido ou querida e valorado ou valorada.



4

Como se fixo o Plan de acción?

O plan de acción para as persoas con discapacidade de Galicia é o resultado dun traballo de todos e de todas.

Para elaboralo partimos de **dúas ideas principais**:

- 📄 As persoas con discapacidade son as que mellor coñecen as súas necesidades.
- 📄 Todos e todas debemos colaborar e traballar para un fin común.

A Consellería de Traballo e Benestar quixo que as persoas con discapacidade expresasen as súas ideas e as súas necesidades.

Por iso participaron desde o principio na elaboración do Plan a través das súas asociacións.

A consellería quixo tamén que estiveran todos os departamentos da Xunta de Galicia.

Conxuntamente coas asociacións definiron as actuacións a realizar nos próximos anos para mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade e das súas familias.



Pensamos que esta forma de traballar é unha garantía de éxito.

Agora todas as consellerías da Xunta están participando no Plan de discapacidade xunto con outros organismos.

Con este esforzo conxunto conseguiremos a participación activa das persoas con discapacidade na vida da comunidade.

O plan trata todos os aspectos relativos a este grupo de poboación **para lograr a súa inclusión.**




5


Principios do Plan de acción

O Plan de acción para as persoas con discapacidade inspirouse nas seguintes **ideas**:

- **A non discriminación e a igualdade de oportunidades.** Todas as persoas son iguais ante a lei pero as situacións de discriminación continúan.
Por iso temos que mellorar a posición social das persoas con discapacidade e buscar a igualdade de trato e de recoñecemento.
- **O respecto pola diversidade.** A diversidade é un valor positivo que debemos respectar e fomentar na nosa sociedade.
- **O tratamento integral.** A participación dos diferentes departamentos da Xunta de Galicia é moi importante e temos que programar medidas en todos os ámbitos: na saúde, na educación, no deporte, no emprego...
- **A autonomía e vida independente.** Recoñecemos o dereito das persoas con discapacidade a vivir de forma independente. Con esa independencia reforzamos as vosas actividades e a vosa participación en igualdade de oportunidades.



- **A accesibilidade universal e o deseño para todas as persoas** . Os contornos, os produtos, os servizos e os obxectos teñen que ser comprensibles, utilizables e practicables por todas as persoas dunha forma segura e cómoda e da forma máis autónoma posible.

 Os produtos que poden utilizar todas as persoas son produtos de **deseño universal**. O deseño universal debemos aplicalo a todo o que consumimos e utilizamos as persoas, incluídas as persoas con discapacidade.

- **A igualdade entre homes e mulleres.** En todos os recursos e no traballo coas persoas con discapacidade temos en conta as necesidades e situacións diferentes que viven mulleres e homes.
- **A participación e colaboración.** Refírese á participación das asociacións que representan ás persoas con discapacidade e ás súas familias e de todos os departamentos da Xunta de Galicia na elaboración e na execución do Plan.



6

Dez áreas de intervención

O Plan conta con **dez áreas** nas que traballar definidas a partir das demandas das propias persoas con discapacidade.

1. Protección dos dereitos.
2. Igualdade entre mulleres e homes.
3. Accesibilidade.
4. Promoción da autonomía persoal.
5. Educación.
6. Formación e emprego.
7. Servizos sociais.
8. Saúde e atención sociosanitaria.
9. Atención temperá.
10. Cultura, deporte e tempo de lecer.

Cada área ocúpase de necesidades diferentes para as que se poñen en marcha actuacións tamén moi diferentes.


Entre todas estas áreas súmase un total de **301 actuacións**.




1 Área para protexer os dereitos



Coas actuacións desta área queremos axudar a **garantir os dereitos das persoas con discapacidade.**

1 Iremos a informar e a formar sobre os dereitos e sobre a **protección xurídica**  ás persoas con discapacidade, ás súas familias, ás persoas que traballan neste campo e á sociedade en xeral.

 A **protección xurídica** refírese á protección por parte de avogados nos tribunais de xustiza: o dereito á defensa legal.

- con charlas,
- cunha guía-libro de información,
- con cursos de formación para o persoal da Xunta de Galicia e para estudantes da universidade.

2 Iremos a facilitar que as persoas con discapacidade e familiares accedan á xustiza e a unha **protección xurídica adecuada.**

- Con recomendacións aos xulgados para tratar ás persoas con discapacidade en igualdade de condicións que ao resto da poboación.
- Co apoio necesario para facilitar unha información accesible e fácil de entender nos xuízos.



3 **Imos a realizar accións para que os seus dereitos sexan de verdade.**

- Dando a coñecer o acordo que asinaron países de todo o mundo para protexer os dereitos das persoas con discapacidade.
- Resolvendo queixas e reclamacións.
- Con recomendacións aos centros nos que viven persoas con discapacidade.
- Cunha guía para profesionais da comunicación.
- Con programas na radio e na televisión.



2 Área de igualdade entre mulleres e homes




Coas actuacións desta área buscamos a participación das mulleres con discapacidade en todos os ámbitos da vida en igualdade de condicións que os homes.

1 Imos a conseguir a igualdade entre mulleres e homes en todas as actuacións do Plan.

- Dando prioridade ás mulleres nas actuacións que se dirixen directamente ás persoas con discapacidade.
- Medindo o efecto que o Plan ten nos homes e nas mulleres con discapacidade e corrixir as diferenzas que atopemos.
- Realizando un estudo sobre a discapacidade en Galicia.
- Falando das mulleres con discapacidade nos cursos de formación de igualdade entre mulleres e homes.
- Dando recomendacións ás empresas sobre a discapacidade e a igualdade.

2 Imos a aumentar a participación das mulleres con discapacidade e a mellorar a súa autoestima .

 **Autoestima** é a valoración que unha persoa fai de si mesma.

- Contando coas mulleres nas actividades e proxectos relacionados coa discapacidade.
- Creando comisións específicas de mulleres nas asociacións de persoas con discapacidade.



- Dedicando a campaña do Día internacional das mulleres ás mulleres con discapacidade.
- Incorporando mulleres nos cargos das asociacións de persoas con discapacidade

3 Imos a actuar ante calquera tipo de violencia contra as mulleres con discapacidade.

- Publicando datos que identifiquen os casos de mulleres con discapacidade que sofren malos tratos.
- Considerando ás mulleres con discapacidade nas campañas sobre a violencia contra as mulleres.
- Formando a profesionais.
- Adaptando os materiais e manuais sobre violencia contra as mulleres que existen en Galicia.

4 Imos a apoiar as relacións afectivas e a maternidade das mulleres con discapacidade.

- Con axudas ás mulleres embarazadas e nais.
- Con cursos sobre educación afectivo-sexual, dereito a ser nai, discapacidade e igualdade...
- Con outros cursos para as persoas que traballan nos centros de saúde e nos hospitais.



3 Área de accesibilidade



Queremos conseguir a accesibilidade das persoas con discapacidade aos edificios, aos espazos públicos, produtos e servizos en igualdade de condicións que o resto da poboación.

1 Melloraremos as leis sobre accesibilidade.

2 Imos a formar e asesorar sobre a accesibilidade universal e o deseño das cousas para todas as persoas:

- á poboación en xeral.
- ás propias persoas con discapacidade e familiares.
- ao persoal da Xunta de Galicia.
- ao persoal dos concellos que deciden sobre como e onde construír edificios, parques, aceras...
- ao persoal da radio e da televisión de Galicia.
- ao persoal doutros medios de comunicación.
- a estudantes das universidades.

3 Seguiremos traballando cara a eliminar as barreiras para acceder á información e á comunicación.

- Con cursos de formación.
- Con premios ao desenvolvemento de novos contidos para a internet.



- Con adaptacións das páxinas web da Xunta de Galicia.
- Con espazos de lectura fácil.
- Coa adaptación do Teléfono da muller e do Centro de emerxencias 112 para as persoas xordas.
- Con adaptacións dos programas da televisión de Galicia.
- Co uso de signos especiais para as persoas con discapacidade intelectual ou con problemas de comunicación.

4 Seguiremos traballando para eliminar as barreiras de acceso a edificios, ao medio urbano e ao transporte.

- Con obras nos edificios públicos e no medio urbano.
- Con axudas para a adaptación de restaurantes e de comercios.
- Coa adaptación das paradas e das estacións de autobuses.
- Coa adaptación da sinalización dos vehículos de transporte público.



4


Área de promoción da autonomía persoal




A finalidade desta área é mellorar a autonomía das persoas con discapacidade e procurar que sigan no seu medio habitual.

1 Facilitaremos o acceso a unha vivenda.


2 Aumentaremos os recursos para conseguir unha maior autonomía e poder vivir de forma independente.


- Cun servizo para prestar axudas. Con este servizo, por exemplo, unha persoa con discapacidade poderá pedir prestada unha baranda de protección.
- Coa ampliación da teleasistencia e do transporte adaptado 065.
- Cun aumento do número de prazas en centros ocupacionais e en centros de día .

 **Centro de día** é un lugar onde se atende durante o día a persoas con discapacidade que necesitan axuda para realizar actividades básicas como comer, lavarse, vestirse....

- Co acollemento de persoas con discapacidade nunha familia.
- Coa formación das persoas que se ocupan de valorar o grao de discapacidade.
- Con prazos máis longos para pedir axudas de accesibilidade e para a compra de produtos de apoio e axudas técnicas.



- Con estudos sobre como introducir novidades en materia de autonomía persoal das persoas con discapacidade.
- Pagando parte dos gastos para contratar un ou unha asistente persoal .
- Dando formación para asistentes persoais.

 **Asistente persoal** é unha persoa que axuda ás persoas con discapacidade que non poden realizar por si solas as tarefas da vida diaria como comer, lavarse, vestirse, saír de compras, ir ao médico... É un traballo polo que se recibe un salario.

A persoa con discapacidade é a que lle paga e a que lle di ao/á asistente persoal o que ten que facer e cando o ten que facer.

3 Informaremos á poboación sobre o importante que é a autonomía persoal das persoas que teñen unha discapacidade.

- Con intercambios entre as asociacións.
- Con traballos coas familias.
- Con formación nas universidades.



5 Área de educación



Nesta área queremos conseguir unha educación de calidade para todas as persoas e conseguir unha sociedade máis xusta na que todos e todas cabemos.

A **escola inclusiva** fai referencia á maneira en que debe organizarse a escola para atender a todos os alumnos e alumnas.

Tamén se refire á filosofía que debe ter para dar cabida a todas as persoas que se inclúen na comunidade escolar en vez de que o alumno ou alumna con algún tipo de necesidade se adapte ao sistema.

Por todo o sinalado anteriormente imos a traballar nos seguintes aspectos:

- 1** **Adaptaremos a normativa** de educación para lograr a **inclusión escolar** das persoas con discapacidade.
- 2** Facilitaremos a **coordinación** entre todas as **partes que actúan** na **educación do alumnado** que ten **necesidades especiais**.
- 3** **Formaremos ao profesorado e aos psicólogos e psicólogas** dos colexios.
- 4** Ofreceremos aos rapaces e rapazas con necesidades derivadas de discapacidade unha **ensinanza obrigatoria** (primaria e secundaria) **en condicións de igualdade co resto do alumnado**.



5 Procuraremos unha **educación** que prepare **para a vida e para o mundo laboral**.

6 Facilitaremos unha **educación** permanente de **calidade** ás **persoas adultas** con **necesidades derivadas** da súa **discapacidade**.




6


Área de formación e de emprego



As actuacións desta área teñen como finalidade formar ás persoas con discapacidade para que lles resulte máis fácil atopar un traballo. Tamén queremos mellorar o seu emprego e eliminar as desigualdades que se producen.

1 Imos a dar formación adaptada ás necesidades das persoas con discapacidade e ao mercado laboral.

- Con axudas para esa formación.
- Con equipamento adaptado nos centros de formación.
- Con cursos de teleformación .

 A **teleformación** permite realizar cursos de formación a través de internet co apoio continuo de persoas especializadas na materia.

- Con cursos que leven consigo un compromiso de contrato de traballo.
- Cunha guía para formar a persoas xordas.

2 Imos a apoiar as prácticas nas empresas.


3 Imos a mellorar as posibilidades de ocupar un posto de traballo na Xunta de Galicia.


- Coa regulación do acceso, da promoción interna e da provisión de postos de traballo de persoas con discapacidade na Xunta.
- Cunha listaxe de postos de traballo que poidan ocupar as mulleres e homes con discapacidade.



- Cunha reserva de postos para persoas con discapacidade psíquica e con exames diferentes para entrar.
- Con información para as persoas con discapacidade que entran a traballar no Servizo Galego de Saúde.
- Con cursos para o persoal da Xunta de Galicia que comparten o seu lugar de traballo con mulleres e homes con discapacidade.

4 Imos a mellorar as posibilidades de atopar un traballo na empresa privada.


- Con axudas para que as empresas contraten homes e mulleres con discapacidade.
- Informando ás empresas sobre as capacidades destas persoas.
- Axudando a pagar os custos dos preparadores laborais que se contratan para apoiar ás persoas con discapacidade.
- Con información sobre as vantaxes das cooperativas de integración social .

 **Cooperativas de integración social** son as que están constituídas por persoas con discapacidade física, intelectual, sensorial ou calquera outro colectivo con dificultades de integración social, así como polas súas persoas titoras ou persoal de atención. Teñen como finalidade a integración social.

- Co cumprimento da reserva de 2 de cada 100 postos de traballo para persoas con discapacidade nas empresas.



5 Apoiaremos os centros especiais de emprego .

 Os **centros especiais de emprego** teñen por finalidade a integración das persoas con discapacidade ao réxime de traballo “normal”, asegurando un emprego pagado á vez que se presta o apoio persoal e social que necesitan.



7 Área de servizos sociais



A través das actuacións desta área melloraremos os recursos sociais para as persoas con discapacidade e as súas familias.

1 Con normativa nova sobre programas, sobre servizos e sobre prestacións.

2 Con novas formas de traballar para centrar a nosa atención na persoa e nas diferenzas.

3 Con máis recursos para as persoas con discapacidade.


- Novos centros de atención.
- Máis axuda no fogar.
- Prazas nas residencias públicas para persoas con discapacidade.
- Máis prazas para proporcionar un tempo de descanso ás persoas coidadoras. É o que se chama “respiro familiar”.
- Máis prazas en centros para acoller durante un tempo a persoas en situacións de emerxencia social ou de descanso familiar.
- Máis atención aos tipos de discapacidade con maior falta de recursos.
- Máis recursos tecnolóxicos.
- Cursos de formación para profesionais que traballan coas persoas con discapacidade.




8

Área de saúde e de atención socio sanitaria



O obxectivo das medidas desta área é a prevención, a rehabilitación e asistencia sociosanitaria  das persoas con discapacidade en igualdade de condicións que o resto da poboación.

 A **asistencia sociosanitaria** é o conxunto de coidados que recibe unha mesma persoa que necesita ser atendida polos servizos de saúde e polos servizos sociais para mellorar a súa autonomía e inserción social.

1 Definiremos como ten que funcionar o ámbito sociosanitario.


2 Coordinaremos os departamentos de sanidade e de servizos sociais da Xunta de Galicia para prestar unha adecuada atención sociosanitaria.


- Con grupos de traballo.
- Cun estudo dos recursos que xa existen.
- Con cursos de formación.

3 Melloraremos o acceso das persoas con discapacidade aos servizos sanitarios.

- Con recomendacións para facer totalmente accesibles as consultas médicas.
- Con información accesible e fácil de entender nos cursos de preparación ao parto e de coidados dos fillos e fillas.



- Con información en lectura fácil e en braille  sobre a maternidade.

 O **braille** é un sistema de escritura e de lectura. As persoas que non ven poden recoñecer os signos co tacto dos dedos.

- Coa adaptación das cartillas sanitarias das nenas e dos nenos que teñen unha discapacidade.



9 Área de atención temperá



A **atención temperá** consiste en atender a nenos e a nenas de 0 a 6 anos con algún trastorno no seu desenvolvemento ou con risco de telo.

A finalidade é facer posible a integración na súa familia, na escola e na sociedade, así como a súa propia autonomía persoal.

Queremos atender a todos os nenos e nenas entre 0 e 6 anos.

Imos a facelo dunha maneira efectiva coordinando a todos os departamentos da Xunta que interveñen.

1 **Elaboraremos unha normativa específica en atención temperá.**

2 **Aumentaremos os recursos de atención temperá:**

- Con novas unidades de atención.
- Reforzando as que xa existen.
- Con cursos de formación.



10

Área de cultura, de deporte e de tempo de lecer



Coas medidas desta área buscamos as seguintes metas:

1 Mellorar a accesibilidade ás actividades culturais, deportivas e de tempo libre.

- Cun libro dos aloxamentos turísticos accesibles de Galicia.
- Cun estudo das necesidades de adaptación das instalacións da Xunta de Galicia destinadas a actividades culturais, deportivas e de tempo libre.
- Con contidos sobre discapacidade nos cursos de tempo libre e de profesionais do deporte.
- Con contidos sobre discapacidade nos exames para Guía de turismo.
- Cun premio para mellorar a accesibilidade en turismo.
- Con proxectos de turismo accesible e de espazos abertos a todas as persoas libres de barreiras e de obstáculos.
- Dando información a axentes culturais, deportivos e de lecer sobre o acceso das persoas con discapacidade.
- Incluindo criterios de accesibilidade nas axudas para obras, para instalacións e para actividades culturais e de tempo de lecer.

2 Facilitar a participación das persoas con discapacidade nas actividades culturais, deportivas e de tempo libre.

- Apoiar ás asociacións de persoas con discapacidade para realizar actividades deportivas e de tempo libre.



- Procurar unha participación mínima para persoas con discapacidade nas actividades que realicen outras asociacións ou concellos.
- Entrada gratis do/a acompañante da persoa con discapacidade a actividades culturais, deportivas e recreativas.
- Prazas de campamentos de verán para persoas con discapacidade.
- Prestar os albergues xuvenís, campamentos e residencias da Xunta ás asociacións de persoas con discapacidade.
- Cursos de formación sobre o desenvolvemento cultural e artístico e sobre a práctica deportiva e de tempo libre das persoas con discapacidade.

3 Impulsar o deporte entre as persoas con discapacidade.

- Co Plan galego para o fomento da actividade física.
- Coa inclusión de deportistas con discapacidade nas federacións unideportivas.
- Con axudas ás asociacións.
- Con programas de deporte sen barreiras nos colexios.
- Pedindo aos concellos e clubs deportivos que reciben axudas da Xunta que teñan en conta o acceso e a participación de persoas cunha discapacidade.



*PLAN DE ACCIÓN INTEGRAL
PARA AS PERSOAS CON
DISCAPACIDADE*

Galicia, 2010-2013

Plan de acción para as persoas con discapacidade

Lectura fácil



**XUNTA
DE GALICIA**